

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN MORAL E CATÓLICA

5º PRIMARIA

CEIP CARNOTA
CURSO 2021-2022

M^a Zoila Piñeiro Sendón

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..... | 4 |
| 2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE..... | 5 |
| 3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN..... | 6 |
| 4. OBXECTIVOS POR CURSO..... | 11 |
| 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS..... | 12 |
| 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR..... | 13 |
| 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN..... | 14 |
| 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 17 |
| 9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS..... | 19 |
| 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 20 |
| 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES..... | 21 |
| 12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA..... | 22 |

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

-ADAPTACIÓN Ó PROTOCOLO COVID-19

Dadas as circunstancias actuais dadas pola Covid-19, vémonos na necesidade de facer unhas modificacións na metodoloxía, instrumentod de avaliación, e recursos. Botaremos man de posibles circunstancias que se poidan dar con respecto a modo de impartir as clases (presencial, semi-presencial, on line) Sendo que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

O ensino da Relixión Católica axudará aos alumnos/as a ampliar os espazos da racionalidade e a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta.

- Análise do contorno.

O CEIP DE CARNOTA está ubicado na capital do concello. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-550, de Fisterra a Santiago. Dista a uns 70 quilómetros da capital da provincia.

A poboación desprázase habitualmente a Cee e Muros onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, xulgado, etc. A poboación está concentrada en diversos núcleos de poboación non moi distanciados.

Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. Hai pais e nais teñen estudos primarios, algúns ata teñen estudos secundarios e incluso universitarios. Hainos que traballan por conta allea.

As actividades económicas, maioritariamente, están relacionadas con mar e servizos.

O centro está adscrito ao IES “Lamas de Castelo” de Cee.

- Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Carnota preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: aula de informática e de medios audiovisuais; sala de mestres; comedor; conserxerías; servizos; aula de música; aula de Audición e Linguaxe; aula para alumnos/as con necesidades educativas especiais; biblioteca ;as tres aulas dos tres cursos de Educación Infantil; as dúas aulas de sexto de Educación Primaria.

-Segundo andar do edificio do colexio: con seis aulas destinadas ós outros cursos de Educación Primaria; aula de Inglés; aula de Orientación.

-Patio cuberto.

-Patio de recreo, con xogos infantís.

-Edificio anexo ou ximnasio.

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Cada unha das áreas vai contribuir, en maior ou menor medida, ao desenvolvemento das diferentes competencias clave: **Comunicación Lingüística (CCL)**, **Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT)**, **Competencia Dixital (CD)**, **Aprender a Aprender (CAA)**, **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**, **Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)** e **Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)**.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística (CCL) e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- Dimensión cultural e histórica que está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- Dimensión ético-moral que fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- Dimensión humanizadora que faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- Dimensión epistemolóxica que ten contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Criterio de Avaliación | Estándares | Grao mínimo para superar a área (Indicador mínimo de logro) | T1 | T2 | T1 | Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación | C.C |
|------------------------|---|--|----|----|----|--|---------|
| REC-B1.1 | 5º-REC-B1.1.1 - Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo do ser humano do ben. Comparte cos | Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo do ser humano do ben. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. | CD, CSC |

| | | | | | | | |
|----------|---|--|---|---|---|--|------------|
| | seus compañeiros os trazos máis significativos. | | | | | INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común. | |
| REC-B1.2 | 5º-REC-B1.2.1 - Xustifica críticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben. | Xustifica as consecuencias que se derivan de facer o ben. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Posta en común. | CSC |
| REC-B1.2 | 5º-REC-B1.2.2 - Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben. | Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. | CSC, CSIEE |
| REC-B2.1 | 5º-REC-B2.1.1 - Define o termo bíblico de Alianza. | Define o termo bíblico de Alianza. | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC, CLC |
| REC-B2.1 | 5º-REC-B2.1.2 - Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo. | Coñece a Alianza de Deus co seu pobo. | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC |
| REC-B2.2 | 5º-REC-B2.2.1 - | Coñece o contido do Decálogo. | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas | CCEC, |

| | | | | | | |
|----------|---|---|---|---|--|-----------|
| | Clasifica e é consciente do contido do decálogo. | | | | específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CSC |
| REC-B2.2 | 5º-REC-B2.2.2 - Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos. | Narra experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos. | X | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSC, CLC |
| REC-B2.3 | 5º-REC-B2.3.1 - Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento. | Nombra e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento. | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCEC, CLC |
| REC-B2.4 | 5º-REC-B2.4.1 - Confecciona materiais para situar cronoloxicamente os principais libros da Biblia. | Sitúa cronoloxicamente os principais libros da Biblia. | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC |
| REC-B3.1 | 5º-REC-B3.1.1 - Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos | Valora o cambio que produce na vida o encontro con Xesús. | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL, CSC |

| | | | | | | | |
|----------|---|--|--|---|---|---|----------------|
| | evanxeos. | | | | | | |
| REC-B3.2 | 5º-REC-B3.2.1 - Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres. | Coñece o significado dalgúns milagres. | | X | | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resumo. Textos escritos.</p> | CCL, CSC, CCEC |
| REC-B3.2 | 5º-REC-B3.2.2 - Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxeos. | Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxeos. | | X | | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p> | CCL, CSC, CCEC |
| REC-B3.3 | 5º-REC-B3.3.1 - Extrapolas as afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus. | Localiza nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos afirmacións sobre a resurrección de Xesús. | | | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p> | CCL, CSC |
| REC-B3.3 | 5º-REC-B3.3.2 - Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos. | Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos bíblicos. | | | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CD, CCL |

| | | | | | | | |
|----------|---|--|--|--|---|---|-----------|
| REC-B3.3 | 5º-REC-B3.3.3 - Busca e explica signos e xestos da Comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe. | Descubre a presenza de Xesús nos signos e xestos da comunidade cristiá. | | | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p> | CCEC, CSC |
| REC-B4.1 | 5º-REC-B4.1.1 - Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial. | Identifica as funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial. | | | X | <p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p> | CSC |
| REC-B4.2 | 5º-REC-B4.2.1 - Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea. | Valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea. | | | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CLC, CSC |
| REC-B4.2 | 5º-REC-B4.2.2 - Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea. | Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea. | | | X | | CCEC, CSC |

4. OBXECTIVOS POR CURSO

- Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións da nosa comunidade eclesial.
- Comprender e apreciar a división da Biblia en dúas partes e a súa vez distribuídos en grupos bíblicos.

- Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
- Comprender a importancia da Eucaristía.
- Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.
- Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nos milagres para mellorar a convivencia entre as persoas.
- Valorar o significado do momento da Última Cea.
- Coñecer biografías de personaxes que adicaron a súa vida a facer o ben.
- Comprender o significado da Alianza no Antigo Testamento.
- Tomar conciencia da importancia que ten o facer o ben na súa vida diaria.
- Descubrir o significado dos principais acontecementos da paixón, morte e resurrección (Feitos dos Apóstolos) de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.
- Crear ideas e opinións sobre cuestións diversas a partir das ideas achegadas por outras persoas.
- Adquirir habilidades de como ser un bo membro na nosa comunidade eclesial e o significado da nosa función nela.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Principios metodolóxicos

- Partir do nivel de desenvolvemento competencial do alumnado.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Favorecer a aprendizaxe autónoma, facendo ao alumno responsable da súa propia aprendizaxe e sabedor delo.
- Promover unha aprendizaxe contextualizada e activa.
- Motivar axeitadamente.
- Analizar os esquemas previos de coñecemento.
- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos

Accións:

- Promoverase o traballo por tarefas.
- Integraranse accións vinculadas ao traballo por proxectos, promovendo así a reflexión, o pensamento crítico, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora por parte do alumnado.

Agrupamento dos alumnos:

Segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos empregados serán:

- Aula.
- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Grupos de actividade.
- Agrupamentos flexibles

Dados os diferentes escenarios que poidan xurdir, botaremos man da Aula virtual, páxina web do cole, correos electrónicos e wasapas das familias, por se en algún momento as clases non se poidan facer completamente presenciais (nas que teremos en conta a distancia de seguridade dos alumnos entre eles a hora de realizar calquera tarefa sexa individual ou grupal.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A UTILIZAR

Humanos

- Respecto aos recursos internos, os titores traballan en coordinación e colaboración na elaboración e posta en práctica da programación.
- A mestra de PT e mestra de AL.
- As compañeiras de aula e centro son un recurso fundamental para o favorecemento da cooperación, inclusión e autoestima.
- A familia é un recurso básico na educación dos seus fillos e fillas sendo imprescindible o intercambio de información e a colaboración cos mestres.
- Respecto aos servizos externos, levamos a cabo relacións de colaboración con distintas entidades, servizos e profesionais para conseguir os obxectivos propostos: Concello, centro de formación e recursos (CFR), ANPA,...

Recursos materiais.

- Materiais para o profesorado: programacións didácticas, libros de texto, cadernos de observación e seguimento, libros de consulta, guías, páxinas web,...
 - Materiais para o alumnado:
 - impresos: axenda, libros de texto, dicionarios de galego e castelán, periódicos,...
 - funxibles: libretas, bolígrafos, carpetas, regras, rotuladores,...
 - visuais: encerado, vídeos, películas, carteis, imaxes,...
 - auditivos: gravacións, CD,...
 - informáticos: ordenadores, PDI, programas educativos, internet,...
 - Material de aula/centro: biblioteca, libros de lectura ou consulta, publicacións, audiovisuais, informática,...
- O libro de texto utilizado na clase é da Editorial Anaya en galego.

Ambientais

Os lugares habituais de traballo son a aula do grupo-clase e as aulas onde se imparten as diferentes especialidades.

Ademais utilízanse a aula de informática e a biblioteca cando sexa preciso, sempre e cando nese intre estea libre ou pedindo hora con antelación.

Durante o curso haberán actividades culturais dentro do propio centro, onde tamén poderán ter lugar saídas dentro do propio concello ou fóra del.

Organizativos

Para a implementación desta programación é imprescindible establecer canles de colaboración e coordinación:

- Xuntanzas ca orientadora.
- Xuntanzas cas mestras de PT e AL.
- Xuntanzas cas familias para intercambio de información e colaboración, polo menos unha vez en cada trimestre.
- Xuntanzas do equipo docente.
- Sesións de avaliación.

Seguiremos as indicacións do Protocolo COVID-19 á hora do seu uso e mantemento.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

| PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE CORRECCIÓN |
|--|--|-----------------------------------|--|
| Probas específicas. Terase en conta o desenvolvemento | | Probas escritas e/ou orais. | Nas probas escritas otorgarase unha puntuación a cada pregunta que se dará a coñecer ó alumnado. |

| | | | |
|---|--|--|---|
| das competencias clave e os estándares de aprendizaxe. | | <p>Probas físicas e auditivas en áreas específicas.</p> <p>Presentación de traballos ou proxectos.</p> | <p>O valor final das probas escritas calcúlase ca nota media de tódolos exames realizados en cada trimestre.</p> <p>Nas probas orais empregaranse rúbricas que establecen os indicadores a ter en conta, e que farán media coas probas escritas.</p> <p>Este sistema de rúbricas tamén se empregará para outro tipo de tarefas.</p> <p>Se nunha área a media das notas das diferentes probas feitas ao longo do trimestre é inferior a 4, a nota de avaliación será automaticamente de insuficiente, aínda que vai predominar a decisión do titor ou mestre especialista, no seu caso, en relación ás súas áreas.</p> |
| <p>Observación directa.</p> <p>Análise de produción dos alumnos.</p> | | <p>Caderno do titor.</p> <p>Caderno do alumno e actividades ou traballos desenvolvidos na aula.</p> | <p>Avaliarase o traballo diario de clase; claridade, orde e limpeza nas libretas e nos traballos, calidade dos traballos realizados,..., que terán unha puntuación onde a suma delas dará a nota total neste apartado.</p> |
| <p>Observación directa.</p> <p>Terase en conta a actitude positiva: o esforzo e a atención na clase; así como as producións feitas polos nenos e nenas de actividades e traballos propostos para casa nas diferentes áreas.</p> | | <p>Caderno do titor.</p> <p>Caderno do alumno.</p> | <p>Pártese inicialmente con 3 puntos, que se irán restando con negativos en caso de que o alumno non cumpra normas de comportamento, non faga as actividades ou traballos propostos,...</p> <p>(Cada negativo vale -0'2, aínda que poderá ter un valor maior, se o titor o considera, en caso de que o neno/a non mostre interese hacia o traballo, continuas chamadas de atención, non respecte ós compañeiros ou ós mestres, non cumpra as normas establecidas,...).</p> |

Crterios de cualificación:

-60% da nota: probas de adquisición e dominio de contidos que se realizarán para cada avaliación. Calcularase a nota media ponderada das cualificacións obtidas en todos os controis realizados durante a avaliación.

-40% da nota: valorarase a realización das actividades propostas; contestación ós exercicios prácticos; participación en traballos de grupo;

Debates; e a actitude cara a materia, ós compañeiros e ós Mestres.

Criterios de promoción:

O alumno accederá ao curso seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro e que teña por finalidade facilitar que eses alumnos poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias e dos obxectivos do curso.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumno/a.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.

Programación de actividades de reforzo para o alumnado que promocionen sen superar tódalas áreas.

O mestre de área que acolla a un alumno procedente do curso anterior sen superar algunha das áreas do currículo deberá realizar, co apoio do Departamento de Orientación, un programa de reforzo que recolla os seguintes aspectos:

- Obxectivos non acadados no ciclo anterior.
- Secuenciación de obxectivos non acadados para desenvolver no ciclo actual.
- Secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe mínimos para acadar os obxectivos.
- Criterios de avaliación para valorar cando se acadan os obxectivos do ciclo anterior.

Cando o alumno/a acade os obxectivos do ciclo anterior, o profesor/a da área correspondente elaborará un informe para achegar ó programa de reforzo no que se fará constar tal circunstancia.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Procedementos para avaliar a propia programación.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento da programación na aula.
- Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
- Adecuación dos anteriores ás necesidades reais.
- Aprendizaxes acadadas polos alumnos.
- Medidas de atención á diversidade.
- Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.
- Coordinación entre o profesorado.

Indicadores de logro para a práctica docente.

| | | | | | |
|--|--------------|------------|------------|---------------|-------------------|
| | Insuficiente | En proceso | Suficiente | Satisfactorio | Moi satisfactorio |
|--|--------------|------------|------------|---------------|-------------------|

| | | | | | |
|---|--|--|--|--|--|
| Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave | | | | | |
| Temporalización das unidades didácticas | | | | | |
| A metodoloxía empregada está favorecendo o desenvolvemento das competencias clave | | | | | |
| Os recursos utilizados son axeitados para traballar os contidos propostos | | | | | |
| A utilización das TIC vese reflectida en cada área | | | | | |
| O alumno/a e a súa familia implícanse no proceso educativo | | | | | |

| | | | | | |
|---|--|--|--|--|--|
| As medidas adoptadas respecto a atención á diversidade abranguen a tódolos alumnos e alumnas | | | | | |
| Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe danos unha información obxectiva para seguir mellorando a nosa práctica educativa | | | | | |
| Os instrumentos de avaliación son suficientes e axeitados | | | | | |

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS

Coa intención de saber cales son os coñecementos iniciais do alumnado ao comezo do novo curso, así como o grao de adquisición das competencias clave, sobre todo no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e na competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, realizaranse unha serie de probas nas diferentes áreas.

Na área de matemáticas realizaranse actividades onde se traballarán, entre outros, os números naturais (descomposición, lectura, escritura, ordenación,...); operacións básicas de sumas, restas, multiplicacións e divisións; así como a resolución de problemas da vida cotiá con dúas ou máis operacións.

En canto ás áreas de lingua, aparte dos contidos básicos (separación de sílabas, sílaba tónica, clasificación das palabras,..), desenvolverase

tanto a comprensión como a expresión oral e escrita.

Deste xeito, terase un punto de partida dende o cal poder traballar tanto de forma individualizada, para afianzar aquelas aprendizaxes nas que o alumnado ten dificultades (onde estaremos en contacto co departamento de orientación, se fose necesario, para tomar as medidas oportunas para o mellor desenvolvemento daquel alumno/a que as precise), como de forma colectiva, en canto ao grupo-clase, para o desenvolvemento das competencias clave e ampliación de coñecementos, así como na adquisición dos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles neste novo curso.

Teremos en conta as indicacións do Protocolo COVID-19, e no caso de que non poda ser presencial avaliarase segundo os traballos dos rapaces que envíen.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender á diversidade non se refire únicamente ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, senón que fai referencia a todo o alumnado.

É preciso empregar diferentes estratexias que garantan a atención á diversidade da aula como:

- Adaptación da práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses, ritmos e estilo de aprendizaxe de cadaquén.
- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe.
- Adecuación das actividades e metodoloxía ás diferenzas individuais do alumnado.
- Variación nos agrupamentos en función da tarefa: grupos pequenos, parellas, titorización por parte dun compañeiro,...

Tanto a recuperación como a ampliación, para aquel alumnado que as precise, están integradas no propio proceso de ensino-aprendizaxe e realizaranse dende o momento en que se detecte algunha dificultade.

Estas medidas levaranse a cabo dentro da aula e, de ser estas insuficientes, solicitarase a axuda do Equipo de Orientación e o apoio das mestras de PT ou de AL.

No que respecta ó reforzo, a medida que se diagnostican fallos na aprendizaxe, trataranse de recuperar mediante:

- Atención individualizada por parte do mestre sobre os aspectos das diferentes materias nos que o alumno/a presente carencias.
- Tarefas nas que se traballarán e profundizarán aspectos nos que os alumnos presenten problemas, tratando de corrixir os fallos detectados para evitar que istos queden erroneamente interiorizados cognitivamente. Segundo as necesidades do alumno, estas actividades poden ser realizadas de forma guiada polo mestre ou ben de forma máis autónoma.

Dun xeito similar, para o alumnado avantaxado, propóranse actividades de ampliación cun maior grado de complexidade.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no sentido de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e no seu contorno próximo.

Neste curso escolar 2017-2018 realizaremos algunha saída que iremos propoñendo en cada trimestre. Traballaremos a nivel de aula e/ou centro, as efemérides que aparecen no calendario escolar para o curso académico 2017-2018 (recollidas na PXA).

Ademáis destas actividades programadas, posiblemente xurdirán novas actividades, previsiblemente ofertadas polo Concello e/ou outras organizacións. A celebración das actividades que afectan a toda a Comunidade Escolar son:

1º Trimestre: Día das Bibliotecas Escolares (outubro), Samaín (outubro), Magosto (novembro), Nadal (21 de decembro).

2º Trimestre: Día da Paz (xaneiro), Entroido (febreiro), día Internacional da Muller Traballadora (marzo), semana da prensa.

3º Trimestre: Semana do libro, Letras Galegas.

Polo que respecta ás actividades **extraescolares**, destacamos: as actividades levadas a cabo polo Concello, ANPA, asociacións deportivas.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Os mestres avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a nosa propia práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teremos en conta os seguintes aspectos:

- Calendario de revisión: revisaremos a nosa programación unha vez rematado cada trimestre.
- Análise dos indicadores de logro (que xa falamos del no apartado 8) así como dos resultados académicos do alumnado para ver que é o que podemos mellorar nós como docentes, onde tiveron problemas os alumnos na adquisición e comprensión dos estándares que teñen que acadar, que novas estratexias podemos utilizar naquel alumnado con maiores dificultades para despertar neles un maior interese no proceso de ensino-aprendizaxe,...; facendo unha reflexión obxectiva do proceso, conxuntamente con todo o profesorado involucrado neste curso e co departamento de orientación, onde se aportarán ideas e solucións para levar a cabo sobre todo naqueles nenos e nenas con dificultades académicas; así como reunións trimestrais cas familias para intercambiar información e proposición de pautas que poden seguir para axudar ós seus fillos no proceso educativo para obter un maior rendemento académico.
- Propostas de mellora da propia programación: toda programación sempre é mellorable, pero tamén vai depender das características propias do alumnado de cada zona, a disposición do alumnado no proceso educativo, da metodoloxía utilizada, da temporalización, a disponibilidad de recursos que nos poida ofrecer o centro, da axuda que aporten as familias,..., polo que vai haber certas variables que haberá que ter en conta para que a nosa programación sexa a máis acertada, ou polo menos para intentar optimizala o máximo posible cara ós nosos alumnos e alumnas.

Tal e como dixen anteriormente, a natureza da materia, as condicións socioculturais, a disponibilidad de recursos e as características do alumnado condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido se axuste a estos condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado e, á súa vez, que poidan acadar os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles. Con todo isto, faremos ademais unha autoavaliación e autocrítica para procurar mellorar no eido educativo, modificando aqueles aspectos da nosa programación que sexan mellorables para procurar que todo o alumnado acada os obxectivos que nos propoñemos neste curso nas diferentes áreas.